



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



Camiño do Pombal S/N - 36205 Vigo
Tlfn: **886 120 088 – 886 120 087** ceip.opombal@edu.xunta.gal
www.edu.xunta.gal/centros/ceipopombal

CRITERIOS

AVALIACIÓN / PROMOCIÓN

PRIMARIA

CRITERIOS DE AVALIACIÓN – OBXECTIVOS MÍNIMOS – LINGUAS

2º	4º	6º
COMUNICACIÓN ORAL, FALAR E ESCOITAR		
Pronuncia e entoancorrectamente (respecta: punto,coma, exclamacións interrogacións ...)	Expresa ideas,pensamentos, opinión e sentimentos con certa claridade e exprésase cunha pronunciación e dicción correctas.	Exprésase de formaoral para satisfacer necesidades de comunicación endiferentes situacións con vocabulariopreciso e estrutura coherente.
	Expón oralmente, segundo modelos	
Utiliza nas súasexpresión un vocabulario axeitado á súa idade.	Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade para expresarse.	Utiliza nas súasexpresión un vocabulario axeitado á súa idade.
Actúa en resposta ás ordes e instruciónsdadas para levar a cabo actividades diversas.	Actúa en resposta ás ordes e instruciónsdadas para levar a cabo actividades diversas	Actúa en resposta ás ordes e instrucións dadas para levar a cabo actividades diversas.
En exposicións orais: participa, responde, respecta a quenda, ...	Escoita, esperaquendas de palabrae participa.	Domina as estratexias e normas de comunicación: quendas de palabra,entoación axeitada, participación, escoita e exposición clara.
Lee en voz acta con fluidez diferentes tipos de textos apropiados a súa idade.	Le en silencio e en voz alta sen dificultade e certa expresividade.	Le en voz alta diferentes textos,con fluidez e entoación adecuada.
Le en silencio sendificultade diferentes tipos detextos axeitados asúa idade.	Le en silencio sendificultade diferentes tipos detextos axeitados a súa idade.	Le en silencio diferentes textos valorando o progreso na velocidade e a comprensión.
Comprende textos orais e escritos.	Comprende textos orais de uso habitual(tema e ideas principais).	Comprende textos orais de uso habitual.
	Resume textos lidosaxeitados á súa idade (estrutura e ideas principais).	Comprende osentido global dos textos orais, recoñecendo as ideas principais e secundarias

Conta oralmente textos lidos e responde a preguntas literarias.	Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.	Resume un texto reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais e secundarias nos distintos tipos de textos.
Coñece a utilidade dos medios informáticos como ferramenta para obter información	Sabe conseguir e seleccionar información de fontes orais, escritas, gráficas e ou audiovisuais.	Aproveita a biblioteca, as tics e as horas de ler para buscar información e gozar da lectura.
COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR		
Escribe textos sinxelos.	Escribe textos sinxelos do ámbito escolar e social.	Produce textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación.
	Sabe resumir ou ampliar un texto.	
COÑECEMENTO DA LINGUA		
Utiliza a maiúscula correctamente.		Utiliza correctamente as normas ortográficas nas súas producións escritas.
Usa o punto e os signos de Interrogación e exclamación.	Presenta os seus textos cunha caligrafía clara e sinxela.	Utiliza correctamente as normas de acentuación nas súas producións escritas.
Escribe ben o trazo, dirección, separación de palabras e adaptando ao espazo.	Escribe correctamente.	Utiliza correctamente os signos de puntuación nas súas producións escritas.
Escribe concordando xénero, número, tempo, ...	Escribe concordancia do xénero, número, tempo, ...	Aplica todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura. Utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección, revisándoos para melloralos e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.

Comprende o vocabulario do tema.	Comeza a utilizar o dicionario de forma autónoma.	Utiliza o dicionario como recurso para resolver dúbidas sobre a lingua, o uso ou a ortografía das palabras.
	Reproduce textos ditados	Reproduce textos ditados.
Diferenza suxeito e predicado na oración.	Diferenza distintos tipos de oracións.	Realiza análises morfolóxicas e sintácticas en oracións simples.
	Diferenza os principais tempos verbais: presente, pasado e futuro nos verbos regulares e irregulares máis frecuentes.	
	Identifica: sinónimos, antónimos e palabras polisémicas.	Identifica sinónimos e antónimos, palabras polisémicas e homónimas, arcaísmos, estranxeirismos e neoloxismos, frases feitas, siglas e abreviaturas.
		Recoñecer palabras compostas, prefixos e sufixos e crear palabras derivadas.
Coñece a existencia de diferentes linguas en España.	Coñece a existencia de diferentes linguas en España.	Recoñece e identifica as linguas oficiais en España.
EDUCACIÓN LITERARIA		
Identifica textos sinxelos: conto, poema, refrán, adiviña, cancións.	Diferenza distintos tipos de textos literarios.	Recoñecer e valora as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.
Realiza lecturas guiadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptación de obras clásicas e literatura actual.	Realiza lecturas guiadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptación de obras clásicas e literatura actual.	Realiza lecturas guiadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptación de obras clásicas e literatura actual.
		Interpreta a linguaxe figurada, metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras en textos literarios.
		Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN – OBXECTIVOS MÍNIMOS - MATEMÁTICAS

2º	4º	6º
PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS		
	Identifica e interpreta números nas mensaxes da vida cotiá.	Empregar, de forma sinxela, o método científico para resolver situación da vida cotiá.
NÚMEROS		
Identifica, le, escribe e compara números do 0 ao 999	Le, escribe e ordena números naturais ata o 999.999.	Le, escribe, ordena e interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números naturais utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
Identifica números pares e impares		
Fai series de 2 en 2, de 5 en 5, de 10 en 10 e de 100 en 100.	Constrúe series numéricas ascendentes e descendentes en cadencias de 2, 5, 10, 25, 50 e 100.	
Descompón números en unidades, decenas e centenas.	Interpreta o valor das cifras dun número segundo a súa posición ata os millóns.	
Recoñece o anterior e o posterior		
Realiza sumas e restas con levadas.	Automatiza os algoritmos estándar da suma, resta, multiplicación e división.	
Sabe as táboas de multiplicar do 2, 3, 5 e 10.		
	Realiza cálculos numéricos coa operación de división por dúas cifras sinxelas.	
		Utiliza os números negativos en contextos reais

		Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións.
	Ordena e compara números decimais ata a centésima.	Le, escribe, ordena e interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números decimais (ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados.
		Realiza operacións con números decimais
		Redondear números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.
		Le e ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal
		Reduce dúas ou máis fraccións a común denominador e calcular fraccións equivalentes.
	Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador na resolución de problemas contextualizados.	Realiza operacións con fraccións
		Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.
		Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10.
		Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese.
		Calcula e utiliza as porcentaxes dunha cantidade para expresar partes.
		Establece a correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes.

		Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade, para resolver problemas da vida diaria.
		Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).
		Calcula o mcm e o mcd.
Resolve problemas sinxelos con unha ou dúas operacións.	Resolve problemas do seu nivel.	Resolve problemas do seu nivel.
Emprega estratexias de cálculo mental.	Emprega estratexias de cálculo mental.	Emprega estratexias de cálculo mental.
MEDIDA		
Recoñece as medidas: litro, kilo, metro (medio e cuartos).	Estima lonxitudes, capacidades e masas.	Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada.
	Mide con instrumentos.	Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.
	Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple.	Opera con medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.
		Expresa en forma simple a medición de lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.

		Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.
XEOMETRÍA		
	Recoñece e identifica corpos redondos (cono, cilindro e esfera), poliedros, prismas e pirámides.	Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.
		Clasifica triángulos atendendo aos seus lados e aos seus ángulos, identificando as relacións entre os seus lados e entre ángulos.
		Identifica e representa posicións relativas de rectas e circunferencias.
		Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, radio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.
		Calcula perímetro e área da circunferencia e do Círculo.
		Calcula a área e perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.
ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE		
Interpreta e utiliza táboas de dobre entrada.		Recole e clasifica datos cualitativos e cuantitativos da situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas de frecuencias absolutas e relativas.
		Realizar e interpretar gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situación moi próximas.

		Aplica de forma intuitiva a situacións familiares as Medidas de centralización: a media aritmética, a moda e o rango.
		Fai estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado (posible, imposible, seguro, máis ou menos probable) de situacións sinxelas nas que interveña o azar e comprobar o dito resultado.
		Observar e constata que hai sucesos imposibles, sucesos que con case toda seguridade prodúcense ou que se repiten, sendo máis ou menos probable esta repetición.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN – OBXECTIVOS MÍNIMOS - CIENCIAS

SOCIAIS		
	Manifesta autonomía na planificación e execución de acción e tarefas e asume responsabilidades.	Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo.
O MUNDO QUE NOS RODEA		
Entende o movemento dos planetas, estrelas, astros distinguindo os da Terra en particular (rotación, translación, fases da lúa).		Localiza o planeta Terra e a Lúa no Sistema Solar e explica as súas características, movementos e consecuencias e calcula os husos horarios.
	Identifica e nomea fenómenos atmosféricos.	Identifica os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores que o determinan.
	Explica e compara as distintas formas de representación da terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos identificando polos, eixes e hemisferios.	Describe correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais
	Interpreta e elabora sinxelos mapas de España e de Galicia situando as principais unidades de relevo: ríos, mares e océanos.	Identifica as principais unidades de relevo de Europa, os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa (Europa física).
	Identifica e coñece as Comunidades Autónomas	É capaz de identificar os elementos da España e da

	de Galicia.	Europa política e física.
Coñece o ciclo da auga, estados e propiedades.	Explica como se produce o ciclo da auga e as súas fases relacionándoos coselementos da paisaxe da súa contorna próxima.	
		Identifica a estrutura e os fins da Unión Europea, explicando algunhas vantaxes derivadas do feito de formar parte da Unión Europea.
		Localiza nun mapa países da Unión Europea coas súas respectivas capitais.
		Comprende e interpreta os principais conceptos demográficos e calcúlaos a partir dos datos de poboación. (España política).
Clasifica e identifica diferentes materiais reciclables. As tres RRR.	Adopta medidas para mellorar as condicións medioambientais do entorno.	Explica a importancia da intervención humana no medio e favorece o desenvolvemento sostible.
VIVIR EN SOCIEDADE		
Recoñece os membros da familia e a relación entre eles.	Recoñece os membros da familia e a relación entre eles.	Recoñece os membros da familia e a relación entre eles.
Coñece e practica as diferentes normas de seguridade vial.	Coñece e practica as diferentes normas de seguridade vial.	Coñece e practica as diferentes normas de seguridade vial.
Recoñece algunhas institucións da súa localidade (concello, colexio, ...)	Identifica as principais institucións de Galicia e do Estado español e describe as súas funcións.	Recoñece algunhas institucións da súa localidade (concello, colexio, ...)
	Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno.	
	Identifica os tres sectores das actividades económicas.	Identifica as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características

		destes recoñecendo as principais actividades económicas de España e Europa.
Identifica as principais medidas de tempo/semanas, meses, anos, estacións.		
Identifica o pasado, presente e futuro en relación coa vida cotiá.	Sitúa nunha liña do tempo os feitos fundamentais da prehistoria e historia de España e describe as principais características de cada una delas.	Identifica, localiza no tempo e no espazo e comprender os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais, máis relevantes da Historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.
Coñece e usa instrumentos para medir o tempo (reloxo, calendario ...)		
		Describe os movementos migratorios da poboación galega e de España, explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación.
		Explica as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.
	Explica os principais acontecementos que se produciron durante a Prehistoria	Explica os principais acontecementos que se produciron durante o s. XIX e XX e que determinan a nosa historia contemporánea.
NATURAIS		
INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA		
	Establece conxecturas de sucesos ou problemas	

	do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información.	
	Emprega estratexias para realizar traballos individuais ou en grupo.	Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter científico, amosando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo.
O SER HUMANO E A SAÚDE		
Identifica as partes do corpo diferenciando articulacións, músculos e ósos.		Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.
Cóñece a función dos aparatos dixestivo, respiratorio e circulatorio.	Identifica e adopta hábitos de hixiene, de descanso e de alimentación. Diferencia prácticas e mensaxes que son contraproducentes para a saúde.	Funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados etc, no corpo humano.
Recoñece a importancia dunha alimentación e hixiene persoal axeitados.	Analiza dietas e elabora un menú equilibrado na escola.	
Cóñece e usa as normas básicas de convivencia. Escoita aos compañeiros, ...)	Respecta as normas que rexen os intercambios comunicativos (respecta as quendas de palabra, levanta a man para facer intervencións, escoita aos compañeiros, ...)	Respecta as normas que rexen os intercambios comunicativos (respecta as quendas de palabra, levanta a man para facer intervencións, escoita aos compañeiros, ...)
OS SERES VIVOS		

Diferenza as partes dunha planta e a súa función.		Coñece a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.
Distingue animais vertebrados, invertebrados (características).	Utiliza claves e guías para a clasificación científica de animais e plantas.	Coñece diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos
MATERIA E ENERXÍA		
Asimila propiedades físicas dos obxectos (textura, temperatura, tamaño, forma, cor, ...)		
Coñece os distintos oficios (fábricas, servizos, natureza).		
	Identifica forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou se deformen a través de experiencias ou pequenas investigacións.	Coñece leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, os cambios de estado e as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.
	Identifica e coñece a intervención da enerxía nos cambios da vida cotiá.	Coñece as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables e relaciónas co desenvolvemento enerxético e sostible.
	Manipula e identifica algunhas máquinas e aparellos sinxelos e habituais na vida cotiá, analizando o seu funcionamento.	Coñece os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN – OBXECTIVOS MÍNIMOS – INGLÉS

2º	4º	6º
COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS (LISTENING)		
Comprende vocabulario básico sobre temas familiares a través de apoio visual.	Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade.	Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.
PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS (SPEAKING)		
Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, gustos).	Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación comprensibles.	Fai presentación breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu

		menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e unha pronuncia e entoación comprensible.
COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS (READING)		
Le en voz alta textos sinxelos e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles.	Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística	Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción condúzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).
PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS (WRITING)		
Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura	Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.	Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).
COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL		
	Diferencia preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información.	Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que tratan sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.

Diferenza saúdos de despedidas e o uso de fórmulas de cortesía (Please, tuank you, excuse me...).	Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais.	Desenvólvese en transaccións cotiás (p.e. pedir nunha tenda un produto e preguntalo prezo).
---	--	---

CRITERIOS DE AVALIACIÓN – OBXECTIVOS MÍNIMOS – MÚSICA

2º	4º	6º
A ESCOITA		
Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos traballados na aula. Recoñecer nalgúns audicións os parámetros do son..	Escoitar e ler musicogramas, adaptados a súa idade. Recoñecer as audicións traballadas e acompañar con P. C empregando unha aceptable coordinación individual.	Escoitar e ler musicogramas, adaptados a súa idade, e saber interpretalos Identificar a música e o compositor das audicións traballadas
INTERPRETACIÓN MUSICAL		
Participar na interpretación de cancións e fragmentos rítmicos e melódicos, co seu corpo, a voz e algún instrumental Orff Aprender a identificar e escribir: Ritmos: Ta, titi, sch, tiritiri, taa Altura: Ler nun bigrama as notas de do, a la. Situación de mi a la.	Interpretar cancións, fragmentos rítmicos e melódicos, co seu corpo, a voz, algún instrumental Orff, e coa frauta doce as notas: do', si, la e sol. Aprender a identificar e escribir: Ritmos: Ta, titi, sch, tiritiri, taa, ti, tiri, un. Identificar e situar no pentagrama as notas de Do, a do'	Interpretar cancións, fragmentos rítmicos e melódicos, co seu corpo, a voz, algún instrumental Orff, e coa frauta doce as notas de re' a do, Mellorar a súa técnica vocal, instrumental ou corporal. Identificar e representar: Ritmos: Ta, titi, sch, tiritiri, taa, ti, tiri, un, un dos, taaaa, un, dos, tres, cua, tititi, ri, u. Saber o valor das figuras e silencios aprendidos. . Identificar e situar no pentagrama as notas de do, a sol'
Aprender os nomes dalgúns instrumentos Orff e identificalos polo seu sone nome. Asociar a imaxe dos instrumentos traballados coa súa familia musical.	Empregar unha boa técnica ao tocar algún instrumental Orff. Identificar pola imaxe e polo son os instrumentos tradicionais galegos máis representativos.	Empregar unha boa técnica ao tocar os instrumentos de láminas. Identificar a imaxe dos instrumentos da orquestra co seu nome e familia instrumental.

	Coñecer instrumentos da orquestra.	
A MÚSICA O MOVEMENTO E A DANZA		
Intentar reproducir o escoitado a través da imitación de movementos. Improvisar movementos a partires dunha música.	Aprender a coordinarse, individualmente e por parellas, coa música. Realizar unha coreografía sinxela intentando empregar correctamente o espazo	Interpretar algunha coreografía coidando a coordinación individual e colectiva.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN – OBXECTIVOS MÍNIMOS - RELIXIÓN

2º	4º	6º
TEMPOS LITÚRXICOS		
Coñece o relato do nacemento de Xesús e descubre o valor do Nadal.	Secuencia ordenadamente escenas da Historiada Pasión.	
SACRAMENTOS		
Coñece e explica coas súas palabras o sentido do bautismo.	Vincula símbolos, significados e momentos na celebración da Eucaristía.	
HISTORIAS DA BIBLIA		
Coñece a historia da creación	Reconstrúe e memoriza escenas bíblicas onde Deus fai a promesa do Mesías.	
RELIXIÓNS MONOTEÍSTAS		

		<p>Investiga, coñece e diferenza as principais características das relixións monoteístas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cristianismo - Islam - Xudaísmo
--	--	---

CRITERIOS DE AVALIACIÓN – OBXECTIVOS MÍNIMOS – E.F.

2º	4º	6º
Trae regularmente a vestimenta adecuada para a actividade física.	<p>É responsable co uso do material, coa vestimenta deportiva propia e a dos compañeiros/as.</p> <p>Implícase na organización, recollida e coidado do material utilizado.</p>	Idem
Goza da actividade física de forma independente os resultados.	Participa nas actividades e busca o efecto lúdico e de mellora.	Idem
	Expón as súas ideas de forma correcta e respecta as opinións dos e das demais.	Expón as súas ideas de forma coherente, exprésase de forma correcta en difer. situacións e respecta as opinións dos e das demais.

		Recoñece e cualifica negativamente as condutas inapropiadas que se producen na práctica ou nos espectáculos deportivos.
Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.	Idem	Idem
Coñece e identifica os segmentos corporais.	Coñece os músculos e articulacións principais en movementos segmentarios básicos e no control postural.	Recoñece as lesións e enfermidades deportivas máis comúns, así como as accións preventivas e os primeiros auxilios.
	Identifica a frec. cardíaca en repouso e realizando act. física, nel mesmo ou nun compañeiro/a.	Idem
		Entende a economía e dosificación do esforzo na act. Fís. Prolongada.
É capaz de situarse en lateralidade respecto dun obxecto estático.		
É capaz de lanzar e recibir obxectos, dun mesmo ou dun compañeiro, en posicións estáticas.		
É capaz de botar en desprazamento.		

Experimenta sensacións de equilibrio en diferentes bases de sustentación.		
Adapta o movemento corporal a secuencias rítmicas sinxelas.		
Adopta hábitos hixiénicos alimentarios saudables.	Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde e adopta hábitos posturais axeitados.	Recoñece efectos beneficiosos do ex. físico para a saúde e os prexudiciais do sedentarismo, dunha dieta desequilibrada e do consumo de alcohol, tabaco e outras substancias.
Comprende a necesidade de facer con seguridade a actividade física.	Ten en conta a seguridade na act. física, sendo capaz de realizar o quecemento con certa autonomía.	Realiza os quecementsos de forma autónoma e sistemática, valorando a súa función preventiva.
		Identifica o seu nivel según os resultados obtidos en probas de valoración das capacidades físicas e coordinativas cos valores da súa idade.
Utiliza o xogo como medio de socialización.	Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	
	Ten conciencia das esixencias e valoración do esforzo que comportan as aprendizaxes de	Identifica a capacidade física básica implicada de forma máis significativa nos exercicios.

	novas habilidades.	
		É quen de xogar consoltura predeportes: Balonmán, Baloncesto, Beisbol, Badminton, Volei, Tenis, Tenis de mesa, Fútbol.

CRITERIOS PARA A PROMOCIÓN DE NIVEL E PORCENTAXES ESPECÍFICOS NAS AVALIACIÓNS

Na sesión de avaliación para a decisión de promoción, o equipo docente estudará por separado cada caso tendo en conta a singularidade de cada individuo e a natureza das súas dificultades, analizando se estas lle impiden verdadeiramente seguir con éxito o seguinte nivel e se hai expectativas favorables de recuperación. Terán especialmente en consideración as cualificacións obtidas nas áreas de Lingua e Literatura Castelá /Galega e de Matemáticas. Elaboraranse plans de repetición e ou recuperación de materias pendentes segundo proceda.

Estes criterios poden variar en función da situación da pandemia e as instrucións das Consellerías de Educación e Sanidade.

CRITERIOS PARA PROMOCIONAR DE NIVEL			
AO REMATAR...	SITUACIÓN	DECISIÓN	MEDIDAS
	<ul style="list-style-type: none"> - Se pasa con materias suspensas hai que elaborar un plan de recuperación. - Se supera a materia suspensa no curso seguinte, considérase recupera da anterior. - En caso de promocionar con materias suspensas terán prioridade nos apoios. 		
2º	Todo aprobado.	Promociona.	---
	Ten materias suspensas pero xa repetiu.	Promociona.	Elaborar un AC onde proceda (en caso de desfase curricular de 2 anos)
	Suspende Lingua ou Matemáticas.	Promociona.	Elaborar un plan de reforzo e recuperación.
	Suspende Lingua (calquera lingua) ou Matemáticas e outra materia.	Promociona.	Elaborar un plan de reforzo e recuperación.
	Suspende Lingua (calquera lingua) e Matemáticas e non repetiu.	*	Elaborar un plan de reforzo e recuperación.
	Suspende Lingua (calquera lingua) ou Matemáticas e outras dúas materias.	*	Elaborar un plan de reforzo e recuperación.
	Suspende máis de 3 materias.	*	Elaborar un plan de reforzo e recuperación.
4º	Todo aprobado.	Promociona.	---
	Ten materias suspensas pero xa repetiu.	Promociona.	Elaborar un AC onde proceda (en caso de desfase curricular de 2 anos)
	Suspende Lingua ou Matemáticas.	Promociona.	Elaborar un plan de reforzo e recuperación.
	Suspende Lingua (calquera lingua) ou Matemáticas e outra materia.	Promociona.	Elaborar un plan de reforzo e recuperación.
	Suspende Lingua (calquera lingua) e Matemáticas e non repetiu.	*	Elaborar un plan de reforzo e recuperación.
	Suspende 3 materias e non repetiu.	*	Elaborar un plan de reforzo e recuperación.
	Suspende máis de 3 materias.	*	Elaborar un plan de reforzo e recuperación.
6º	Todo aprobado.	Promociona.	---
	Ten materias suspensas pero xa repetiu.	Promociona.	Elaborar un AC onde proceda (en caso de desfase curricular de 2 anos)
	Suspende Lingua ou Matemáticas.	Promociona.	Elaborar un plan de reforzo e recuperación.
	Suspende Lingua (calquera lingua) ou Matemáticas e outra materia.	Promociona.	Elaborar un plan de reforzo e recuperación.

	Suspende Lingua e Matemáticas e non repetiu.	*	Elaborar un plan de reforzo e recuperación.
	Suspende 3 materias e non repetiu.	*	Elaborar un plan de reforzo e recuperación.
	Suspende máis de 3 materias.	*	Elaborar un plan de reforzo e recuperación.

Valorarase cada caso de xeito individualizado polo equipo docente, departamento de orientación e xefatura de estudos*

Porcentaxes específicos nas avaliacións:

	Criterios de avaliación	Exames /Obxectivos	Traballo persoal	Actitude cara á aprendizaxe
1º	Música	60 %	25%	15 %
	Resto de materias	50 %	25 %	25 %
2º	Música	60 %	25%	15 %
	Resto de materias	50 %	25 %	25 %
3º	Música	60 %	25%	15 %
	Resto de materias	50 %	40 %	10 %
4º	Música	60 %	25%	15 %
	Resto de materias	50 %	40 %	10 %
5º	Música	60 %	25%	15 %
	Inglés	60 %	30 %	10 %
	Resto de materias	60 %	20 %	20 %
6º	Música	60 %	25%	15 %
	Inglés	60 %	30 %	10 %
	Francés	50%	25%	25%
	Resto de materias	60 %	30 %	10 %

O equipo docente poderá propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente. A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.